

O meu piso

Ás veces penso que no meu piso escóndese algo raro, como se gardasen segredos entre os outros veciños que non nos quixesen contar nin á miña familia nin a min. Cando vou polo ascensor ou polas escaleiras sempre escoito murmurios, pero nunca alcanzo escoitar o que din. O outro día, os ascensores funcionaron sos, sen que ninguén os empregara. A miña familia di que son cousas miñas e que seguro que só é falta de sono, pero eu sei que non é así. Porque cada vez que me quedo soa con algún veciño, sinto que me vai pasar algo malo. E o peor... é que creo que a miña familia está involucrada niso.

Erea Buján López